

A CONSERVACIÓN DE GRANDES CARNÍVOROS EN ÁREAS DE EXPANSIÓN: O CASO DO OSO PARDO NA SERRA DO COUREL



Seminario de Verán do Campus Terra 2019

Universidade de Santiago de Compostela

Estación Científica do Courel (Seoane do Courel)

4, 5, 6 de setembro

Centro de matriculación e información

Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo

Unidade Técnica do Campus Terra

Praciña da Universidade s/n, 27002-Lugo

Información e matrícula por internet

982821517

margarita.vilela@usc.es

www.usc.es/campusterra/gl/curso-oso-pardo

Inscripción

A matrícula poderá formalizarse a través de internet ou de maneira presencial.

O prazo de matrícula comeza o día 1 de xullo e remata o día 29 de xullo.

O importe da matrícula ordinaria é de 70€ e a reducida 40€

Matrícula reducida para estudantes de calquera universidade, bacharelato e FP, pensionistas, desempregados, persoal da USC, persoas pertencentes á Asociación de Antigos Alumnos da USC. A Fundación Oso Pardo subvenciona as matrículas dos habitantes da Serra do Courel (concellos de Folgoso do Courel, Quiroga, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos e O Incio) os cales terán matrícula gratuíta; ao matricularse presentarán fotocopia de DNI como xustificante da residencia neses concellos.

Solicitouse 1 crédito ECTS para as titulacións de Grao de Bioloxía, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria

Os alumnos e alumnas desexen Graos que desexen obter o crédito ECTS matricularanse a través da súa secretaría virtual unha vez se acepte a solicitude.

A CONSERVACIÓN DE GRANDES CARNÍVOROS EN ÁREAS DE EXPANSIÓN: O CASO DO OSO PARDO NA SERRA DO COUREL

Directores

Antonio Rigueiro Rodríguez Fernando Ballesteros Bienzobas

USC

Fundación Oso Pardo

Secretario

Juan Luis Fernández Lorenzo

USC

Seminario eminentemente práctico e con enfoque multidisciplinar, no que se abordan os diferentes aspectos relacionados coa recuperación e conservación de poboacións de grandes carnívoros cando chegan a zonas de expansión nas que estaban ausentes desde moito tempo antes. Analízase en particular o caso da expansión nos últimos anos do oso pardo cantábrico cara á Serra do Courel como consecuencia do crecemento continuado da poboación, e os retos de conservación que esta chegada ocasiona, así como as técnicas e actuacións que se están poñendo en práctica.

O seminario se dirixe preferentemente aos habitantes das serras orientais lucenses, e galegas en xeral; profesorado de universidade, ensino primario e medio, bacharelato e formación profesional; estudantes e titulados universitarios e doutros niveis preuniversitarios; profesionais relacionados coa conservación da natureza; técnicos de empresas e das administracións; cidadáns preocupados pola conservación do medio natural; público interesado en xeral.

4 de setembro

09:00-09:30	Inauguración
09:30-10:30	Por que un proxecto LIFE no Courel?. Accións do proxecto LIFE Oso Courel para favorecer a convivencia entre osos e humanos. Fernando Ballesteros Bienzobas , Fundación Oso Pardo (FOP), coordinador LIFE Oso Courel.
10:30-11:30	Convivencia e conflitos entre grandes carnívoros e humanos. José Vicente López-Bao , investigador da Unidade Mixta de Investigación en Biodiversidade (UMIB), Universidade de Oviedo.
11:30-12:00	Pausa
12:00-13:00	Ambientes ecolóxicos na Serra do Courel. Manuel Antonio Rodríguez Guitián , Profesor da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría. USC
13:00-14:00	O Courel como refuxio para os vertebrados: recursos tróficos e aspectos bioxeográficos. Augusto de Castro Lorenzo . Profesor del Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física, USC.
16:00-20:00	Visita interpretativa á Serra do Courel, análise e evolución da paisaxe vexetal e humana. José Vicente López Bao (UMIB), Manuel Antonio Rodríguez Guitián (USC) e Augusto de Castro Lorenzo (USC).

5 de setembro

09:00-13:00	Percorridos de campo pola Serra do Courel para a procura de indicios de oso pardo; técnicas de seguimento e interpretación do seu hábitat. Reparto dos alumnos en pequenos grupos guiados para o desenvolvemento de varios percorridos de prospección. Fernando Ballesteros Bienzobas (FOP), Luis Fernández Fernández (FOP), Óscar Rivas López (Asociación Galega de Custodia do Territorio, AGCT), José Vicente López Bao (UMIB).
16:00-17:00	A participación pública na conservación: custodia do territorio, procesos participativos e gobernanza. Óscar Rivas López , Asociación Galega de Custodia do Territorio.
17:00-19:00	A visión dos actores do territorio sobre a conservación do oso. Mesa redonda con actores locais do Courel (asociacións de desenvolvemento rural, turismo, apicultura, gandería, montes veciñais).
19:00-22:00	Obradoiro de natureza e cultura. Desenvolvido coa colaboración da Fundación Uxío Novoneyra.

6 de setembro

09:00-10:30	Dispersión e expansión do oso pardo cantábrico e novos retos de conservación. Fernando Ballesteros Bienzobas , Fundación Oso Pardo, coordinador LIFE Oso Courel.
10:30-12:00	Conectividade da paisaxe: técnicas e aplicación ao oso pardo no occidente cantábrico. Aitor Gastón González , Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Montes, Forestal e do Medio Natural, Universidade Politécnica de Madrid.
12:00-12:30	Pausa
12:30-14:00	A recuperación do lince ibérico: técnicas de seguimento e manexo nas novas zonas de expansión. Samuel Plá , Fundación para a Conservación da Biodiversidade e o seu Hábitat (CBD-Hábitat), proxecto LIFE Iberlince.
16:00-17:30	O papel da administración na conservación do oso. Antonio Callejo Rey , Xunta de Galicia.
17:30-18:30	O oso pardo como elemento dinamizador das áreas rurais. Guillermo Palomero García , Presidente Fundación Oso Pardo.
18:30-19:30	Clausura do curso e entrega de certificados.